



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## **DECRETO DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 9/2019 (5/2019 DO MANDATO 2019-2023), EXTRAORDINARIA, 21 DE OUTUBRO DE 2019

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000472

ASUNTO: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 2019/9 (5/2019 do mandato 2019-2023)

CARÁCTER: Extraordinaria (luns 21 de outubro de 2019, ás 20:30 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, tendo en conta a necesidade de adoptar os acordos que se proponen, segundo o esixido no texto vixente do artigo 26.4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, para a realización do sorteo requirido para a designación das persoas que haberán de integrar as mesas que actuarán nas eleccións a Cortes Xerais convocadas para o 10 de novembro de 2019, e segundo o esixido no artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais en canto á aprobación da conta xeral do Concello correspondente ao exercicio de 2018, **convoco sesión extraordinaria do Pleno para o luns 21 de outubro de 2019, ás 20:30 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte

### **ORDE DO DÍA**

**1.-**Aprobación das actas das tres sesións anteriores (6/2019, extraordinaria organizativa, do 04 de xullo de 2019, 7/2019, extraordinaria organizativa (2ª), do 24 de xullo de 2019, e 8/2019, ordinaria, do 26 de setembro de 2019)

**2.-**Sorteo para a designación dos/as membros das mesas que haberán de actuar nas eleccións a Cortes Xerais do 10 de novembro de 2019 (artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral).

**3.-**Proposta da Alcaldía ao Pleno para a aprobación da conta xeral do Concello de Carral correspondente ao ano 2018 e rendición dela ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.

Notifíquese a presente resolución a todos/as os/as sres/as. concelleiros/as da Corporación, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval